

18 de abril de 2022

Ola rapazas e rapaces da Sobreira, chámome Martín.

Nesta carta quérovos falar da primeira ruta de peregrinación, a máis antiga. É a que enlaza a cidade na que me atopo con Santiago de Compostela e discurre en boa parte por trazados de calzadas romanas. O primeiro rei peregrino foi precisamente o monarca astur-galaico Alfonso II "O Casto", quen no século IX, quixo viaxar a Santiago para confirmar que os restos que acababan de aparecer en Compostela eran realmente os do apóstolo.

Pois ben, se queredes descubrir desde onde estou enviando esta carta atendede ben ás pistas: aquí hai un teatro que leva o nome dunha muller que loitou moito para que todas as mulleres puidésemos votar. E nel entréganse todos os anos uns premios importantísimos, son tan importantes que os entrega unha princesa.

Non esquezas fixarte ben no selo da carta e escribir a túa resposta antes do vindeiro martes.

Abur e.... bo camiño!!!

Martín